

ALMACENISTA GALEGO

1. Segundo o artigo 19 da Constitución Española:

- a) Os españois teñen dereito a elixir libremente a súa residencia e a circular polo territorio nacional.
- b) Os españois teñen dereito a elixir libremente a súa residencia e a circular polo territorio da Comunidade Económica Europea, nos termos que a lei estableza.
- c) Os cidadáns da Unión Europea teñen dereito a elixir libremente a súa residencia e a circular pola península.
- d) Os españois teñen dereito a elixir libremente a súa residencia e a circular polo territorio nacional. Este dereito poderá ser limitado por motivos políticos ou ideolóxicos.

2. Segundo o artigo 23 da Constitución Española, teñen dereito a participar nos asuntos públicos:

- a) Os españois de orixe.
- b) As persoas que forman parte dos partidos políticos.
- c) Os cidadáns.
- d) Os españois maiores de idade.

3. Segundo o artigo 22 da Constitución Española, as asociacións de carácter paramilitar:

- a) Prohíbense se perseguen fins ou utilizan medios tipificados como delito.
- b) Prohíbense.
- c) Deberán inscribirse nun rexistro.
- d) Prohíbense se son secretas.

4. Segundo o artigo 27.4 da Constitución Española, a ensinanza básica é:

- a) Obrigatoria pero non gratuíta.
- b) Obrigatoria e gratuíta
- c) Gratuíta pero non obrigatoria.
- d) Nin obrigatoria nin gratuíta.

5. Segundo o artigo 28.2 da Constitución Española:

- a) Recoñécese o dereito á folga das persoas traballadoras e empresarios/as para a defensa dos seus intereses.
- b) Recoñécese o dereito á folga das persoas traballadoras, empresarios/as e autónomos/as para a defensa dos seus intereses.

- c) Recoñécese o dereito á folga das persoas traballadoras, estudantes e autónomos/as para a defensa dos seus intereses.
- d) Recoñécese o dereito á folga das persoas traballadoras para a defensa dos seus intereses.

6. O artigo 5 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, establece que:

- a) A emisión dos servizos informativos debe ser realizada sempre, e en todo caso, por profesionais propios da CRTVG.
- b) A realización e a edición dos servizos informativos non poden ser cedidas a terceiros, nin calquera dos elementos da cadea de produción referida aos servizos informativos pode ser obxecto de contratación externa.
- c) A realización e a edición dos servizos informativos non poden ser cedidas a terceiros, sen prexuízo de que os elementos accesorios da cadea de produción poidan ser obxecto de contratación externa.
- d) A realización e a edición dos servizos informativos deberán ser cedidas a terceiros cando os traballadores da CRTVG estean atendendo á área de programas.

7. Segundo o artigo 7 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a Corporación RTVG terá a forma de:

- a) Sociedade limitada.
- b) Sociedade anónima.
- c) Sociedade cooperativa.
- d) Sociedade comanditaria.

8. Cal das seguintes NON é unha función da directora ou director xeral da CRTVG, segundo o artigo 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia:

- a) Establecer os criterios de programación e as directrices oportunas para que a programación cumpra a misión de servizo público encomendada.
- b) Aprobar o plan anual de actividades, a memoria anual e os anteproxectos de orzamentos da Corporación RTVG.
- c) Impulsar, orientar, coordinar e inspeccionar os servizos da Corporación RTVG.
- d) Todas as anteriores son funcións da directora ou director xeral.

9. Segundo o artigo 39.3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no caso de mobilidade funcional:

- a) A persoa traballadora percibirá as retribucións correspondentes ás funcións que efectivamente realice, sexan superiores ou inferiores ás establecidas para a súa categoría ou grupo profesional.
- b) A persoa traballadora terá dereito á retribución correspondente ás funcións que efectivamente realice, agás nos casos de encomenda de funcións inferiores, nos que manterá a retribución de orixe.
- c) A persoa traballadora percibirá as retribucións correspondentes á categoría profesional que conste no seu contrato de traballo.
- d) A persoa traballadora pode realizar funcións inferiores pero non superiores ás recollidas no seu contrato de traballo.

10. Segundo o artigo 62 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a representación das persoas traballadoras na empresa ou centro de traballo que teñan menos de cincuenta e máis de dez traballadores correspóndelle:

- a) Ao comité de empresa.
- b) Ao delegado de persoal.
- c) Á sección sindical.
- d) Ao delegado sindical.

11. Segundo o artigo 67.3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores a duración do mandato dos delegados de persoal e dos membros do Comité de Empresa será de:

- a) 4 anos.
- b) 2 anos.
- c) 1 ano.
- d) 5 anos.

12. Segundo o artigo 28.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de riscos laborais, nas relacións de traballo a través de empresas de traballo temporal, quen é responsable das condicións de execución do traballo en todo o relacionado coa protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras?:

- a) A empresa de traballo temporal.
- b) A empresa usuaria.
- c) A persoa traballadora.
- d) O comité de empresa.

13. Segundo a literalidade do artigo 21 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de riscos laborais, o traballador terá dereito a interromper a súa actividade e abandonar o lugar de traballo, en caso necesario, cando considere que dita actividade entraña:

- a) Un risco para a súa vida ou a súa saúde.
- b) Un risco grave para a súa saúde.
- c) Un risco grave e inminente para a súa saúde.
- d) Un risco para a saúde dos demais traballadores.

14. Segundo o artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de riscos laborais, o dereito dos traballadores á vixilancia periódica do seu estado de saúde:

- a) Non poderá prolongarse máis aló da finalización da relación laboral.
- b) Prolongarase sempre máis aló da finalización da relación laboral.
- c) Nos supostos nos que a natureza dos riscos inherentes ao traballo o faga necesario, deberá ser prolongado máis aló da finalización da relación laboral, nos termos que regulamentariamente se determinen.
- d) Nas empresas de máis de 100 traballadores prolongarase máis aló da finalización da relación laboral.

15. Segundo o artigo 15.1 do Convenio Colectivo de CRTVG, o cadro de persoal da empresa está composto por:

- a) O número de prazas establecidas pola Dirección Xeral de Medios, previa negociación coa Dirección da CRTVG.
- b) O número de prazas autorizadas polo órgano previsto na Lei dos medios públicos de comunicación de Galicia e polos órganos competentes da Xunta de Galicia. A aprobación correspóndelle ao Consello de Administración.
- c) O número de prazas determinadas directamente polo Consello de Administración da CRTVG.
- d) O número de prazas autorizadas pola Dirección de Recursos Humanos da CRTVG.

16. Segundo o artigo 18.2 do Convenio Colectivo da CRTVG, para participar na quenda de promoción interna as persoas interesadas deberán ter polo menos unha antigüidade mínima de:

- a) Un ano como persoal laboral fixo ou temporal.
- b) Dous anos como persoal laboral temporal.
- c) Un ano como persoal laboral temporal.

d) Un ano como persoal laboral fixo.

17. Cal das seguintes modalidades de horario non aparece recollida no artigo 34 do Convenio Colectivo da CRTVG?

- a) Horarios fixos.
- b) Horarios por quendas.
- c) Horarios descontinuos.
- d) Horarios dispoñibles.

18. Segundo o artigo 43 do Convenio Colectivo da CRTVG, a excedencia voluntaria por interese particular concederase por un prazo:

- a) Non menor de tres meses.
- b) Non maior de dous meses.
- c) Non menor dun mes.
- d) Non menor de dous meses.

19. Segundo o artigo 61 do Convenio Colectivo da CRTVG, o complemento de dispoñibilidade aplicarase ao persoal que, previa designación pola empresa, polas características do seu posto de traballo, voluntariamente estea disposto a:

- a) Realizar funcións de coordinación ou mando, ou cando se lle esixa unha responsabilidade de cualificada complexidade que exceda do normal esixible a súa categoría profesional.
- b) Realizar modificacións constantes da súa xornada e do seu horario de luns a venres.
- c) Realizar modificacións constantes da súa xornada e do seu horario de luns a domingo.
- d) Realizar gardas no seu tempo de descanso.

20. Segundo o artigo 79 do Convenio Colectivo da CRTVG, a empresa complementará as prestacións da Seguridade Social por enfermidade ou accidente ata:

- a) O 75% das retribucións en situación de alta na empresa da persoa traballadora.
- b) O 80% das retribucións en situación de alta na empresa da persoa traballadora.
- c) O 90% das retribucións en situación de alta na empresa da persoa traballadora.
- d) O 100% das retribucións en situación de alta na empresa da persoa traballadora.

21. Segundo o artigo 33.1 do Convenio Colectivo da CRTVG, a xornada ordinaria semanal será:

- a) 40 horas.
- b) 37,5 horas.
- c) 37 horas.
- d) 30 horas.

22. Segundo o artigo 104 do Convenio Colectivo da CRTVG, as traballadoras embarazadas:

- a) Deberán propoñer unha adaptación do seu posto durante o embarazo.
- b) Deberán solicitar unha baixa médica no servizo médico da empresa unha vez non podan desenvolver o seu traballo con normalidade.
- c) Deberán contar con material homologado pola Consellería da Muller para desenvolver traballos de altura.
- d) Terán dereito a cambiar o seu posto de traballo por outro do mesmo nivel retributivo da cordo cos informes do servizo médico.

23. Segundo o artigo 14 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, nos nomeamentos de altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Garantirase que polo menos un 60% do altos cargos sexan mulleres.
- b) Atenderase ao principio de presenza equilibrada.
- c) Valorarase que as mulleres ocupen os cargos mais relevantes.
- d) Garantirase que polo menos un 75% dos altos cargos sexan mulleres.

24. Segundo o artigo 169 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, se os feitos revestisen carácter de delito perseguible de oficio ou mediante querela ou denuncia do Ministerio Fiscal, o asesor ou asesora confidencial:

- a) Poñerá a queixa en coñecemento do seu superior xerárquico.
- b) Poñerá a queixa en coñecemento da Policía Autonómica.
- c) Poñerá a queixa en coñecemento do órgano competente para incoar o procedemento disciplinario administrativo.
- d) Incoará o procedemento disciplinario administrativo de inmediato.

25. Nun almacén, un stock excesivo:

- a) Pode supoñer obsolescencia e deterioro de materiais.
- b) É recomendable para evitar o risco de ausencia de materiais.
- c) Incrementa a competitividade da empresa.
- d) Facilita os procesos loxísticos como o control e manexo dos materiais.

26. Indique como se denomina o stock que está formado polos artigos que ten a empresa para facer fronte a demanda normal e recorrente durante un período de tempo determinado:

- a) Stock de seguridade.
- b) Stock cero.
- c) Stock de recuperación.
- d) Stock de ciclo.

27. En xestión de almacéns, o método de valoración FIFO:

- a) Establece unha hipótese sobre o fluxo das existencias que supón que as primeiras saídas de almacén se corresponden coas existencias de menor custo.
- b) Establece unha hipótese sobre o fluxo das existencias que supón que as primeiras saídas de almacén se corresponden coas existencias de maior custo.
- c) Establece unha hipótese sobre o fluxo das existencias que supón que as primeiras saídas de almacén se corresponden coas existencias máis antigas.
- d) Establece unha hipótese sobre o fluxo das existencias que supón que as primeiras saídas de almacén se corresponden coas existencias máis modernas.

28. Un organigrama de empresa é:

- a) A representación detallada e extensa da organización de todos e cada un dos postos de traballo da empresa cos nomes de quen os ocupa.
- b) A representación gráfica da organización interna da empresa.
- c) A representación gráfica en word da organización interna da empresa. Debe indicar, en todo caso, con detalle as funcións de todas as categorías ou grupos profesionais con presenza na empresa, e determinar se os postos están cubertos o vacantes.
- d) A representación mediante un texto escrito dos distintos postos de traballo e as condicións laborais de cada un deles (horario, quenda, salario, etc.)

29. Cal das seguintes actividades NON é unha actividade dos almacéns:

- a) Recepción de mercadorías.
- b) Xestión de compras.
- c) Verificación dos produtos recibidos.
- d) Selección dos produtos para pedidos.

30. Cal das seguintes medidas é correcta para evitar accidentes laborais por caída de mercadorías en estantes altos:

- a) Utilizar sistemas de suxeición ou varandas nos estantes.
- b) Amontoar as mercadorías máis pesadas nos estantes máis altos.
- c) Dispoñer as mercadorías por orde alfabético.
- d) Amontoar as mercadorías máis inestables nos estantes máis altos.

31. Un bo sistema de xestión de existencias:

- a) Ten que reducir no posible os custos de almacenaxe.
- b) Ten que asegurar un stock suficiente para responder ás necesidades.
- c) Ten que considerar a estacionalidade da demanda dos bens.
- d) Todas son correctas.

32. Cal das seguintes fases na recepción das mercadorías é anterior ás demais?

- a) Verificación e conteo.
- b) Almacenamento.
- c) Retirada do produto.
- d) Emisión da factura.

33. Cal dos seguintes non é un almacén segundo o criterio da súa ubicación e actividade:

- a) Aprovisionamento.
- b) Intelixente.
- c) Distribución.
- d) Central.

34. Para aproveitar mellor o espazo dispoñible para o almacenamento de mercadorías, sinala cal das seguintes opcións é incorrecta:

- a) Usar estantes de maior altura.

- b) Incrementar a anchura dos corredores.
- c) Uso de entreplantas e pasarelas.
- d) Aproveitar a profundidade dos estantes.

35. Nun almacén, a rotación do stock é:

- a) O número de veces que durante un período de tempo determinado se adquiren mais existencias das necesarias.
- b) O número de veces que durante un período de tempo determinado se renovan as existencias.
- c) O número de veces que durante un período de tempo determinado se cambian a existencias de sitio no almacén.
- d) O volume de existencias.

36. A ausencia ou escaseza de suficiente stock de produtos nun momento dado debido á falta de previsión, denomínase:

- a) Caducidade do almacén.
- b) Rotura de stock do almacén.
- c) Xestión de pedidos do almacén.
- d) Deterioro dos produtos do almacén.

37. Indique a opción correcta sobre a definición de inventario na xestión de almacéns:

- a) É unha relación xenérica dos materiais, produtos e mercadorías que ten a empresa almacenados e clasificados por categorías no seu almacén principal.
- b) É unha relación xenérica dos materiais, produtos e mercadorías listos para a venda que ten a empresa almacenados e clasificados por categorías.
- c) É unha relación detallada dos materiais, produtos e mercadorías que ten a empresa almacenados e clasificados por categorías.
- d) É unha relación xenérica do volume dos materiais, produtos e mercadorías dos que a empresa xa realizou o pago da totalidade do importe de cada un deles aínda que non estean almacenados.

38. Indique a opción correcta conforme á estratexia das 5S en xestión de almacéns:

- a) Clasificar, ordenar, limpar, aforrar e aplicar a sustentabilidade.
- b) Clasificar, ordenar, limpar, estandarizar e disciplina.
- c) Clasificar, ordenar, limpar e estandarizar.
- d) Clasificar, ordenar, limpar, estandarizar e aplicar unha organización circular.

39. O tipo de almacenamento que agrupa produtos conforme ao tamaño do lote e espazo dispoñible, sen relacionar as características dos mesmos, é:

- a) Por zonas.
- b) Aleatorio.
- c) De temporada.
- d) Por temperatura.

40. O método de xestión organizativa e de mellora da calidade, que ten a súa orixe en Xapón, coñécese como:

- a) FIFO.
- b) LIFO.
- c) Método novo.
- d) Método das 5S.

41. Cal das seguintes características concorre na metodoloxía da 9S:

- a) Ten orixe chinesa.
- b) Oponse frontalmente á metodoloxía das 5S.
- c) Precisa a implicación da xerencia pero non do resto do persoal.
- d) Impacta na mellora da motivación e reduce os accidentes laborais.

42. O método de valoración de existencias que se fundamenta na suposición de que os produtos adquiridos en último lugar son os prioritarios para a venda, denomínase:

- a) Método das 5S.
- b) Método das 9S.
- c) FIFO.
- d) LIFO.

43. A función principal do albará é:

- a) Servir como documento para realizar pedidos automáticos aos provedores.
- b) Fixar os prezos de compra.
- c) Servir como catálogo dos produtos dispoñibles no almacén.
- d) Servir como xustificante para acreditar que a mercadoría foi entregada ao cliente.

44. Indique a principal diferenza entre un albará valorado e un albará "normal":

- a) O albará valorado utilízase unicamente para artigos de gran valor e/ou de gran volume.
- b) O albará valorado contén os datos do vendedor.
- c) O albará valorado contén os datos do comprador e do vendedor.
- d) O albará valorado contén información económica.

45. O rexistro da mercadoría debe realizarse cando:

- a) Se realiza o pago ao provedor.
- b) Se verifica que non existen erros cuantitativos e cualitativos respecto ao pedido.
- c) Se retira o produto do almacén.
- d) Se superan os niveis mínimos de stock no almacén.

46. Indique cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) A factura proforma emítese cando o produto foi recepcionado pola empresa.
- b) A factura proforma emítese cando o produto foi recepcionado e aboado pola empresa.
- c) A factura proforma é unha oferta de venda ou presuposto.
- d) A factura proforma non contén os datos do vendedor.

47. Indique cal dos seguintes documentos NON os expiden os provedores:

- a) A factura.
- b) O albará.
- c) O parte de recepción da mercadoría.
- d) O albará valorado.

48. Cando se detectan erros no contido da factura despois da súa emisión, o provedor debe:

- a) Enviar unha notificación ao comprador para que sexa este quen modifique a factura incorrecta.
- b) Emitir unha factura rectificativa ou nota de abono.
- c) Realizar un desconto dentro do mesmo exercicio.
- d) Realizar un desconto na seguinte factura.

49. Cal das seguintes respostas NON é correcta respecto dunha factura:

- a) Representa a compravenda dun ben ou servizo.
- b) Ten validez legal e fiscal.
- c) É un documento mercantil.
- d) Os/as autónomos non teñen que emitir facturas.

50. Cal é a función principal da área de recepción nun almacén?

- a) Empaquetar os produtos recibidos.
- b) Distribuír os produtos aos clientes.
- c) Distribuír os produtos aos provedores.
- d) Verificar os produtos recibidos.

51. Que función é fundamental no proceso de "picking" nun almacén?

- a) Embalaxe dos produtos.
- b) Selección dos produtos para pedidos.
- c) Realización do inventario.
- d) Recepción dos produtos.

52. Na xestión de pedidos de almacén, un pedido de reposición é:

- a) Un pedido específico que, por necesidades extraordinarias, se solicita para un fin concreto.
- b) Un pedido masivo realizado xeralmente cando o inventario de produtos se está esgotando para aforrar nos costes de compra.
- c) Un pedido específico realizado xeralmente cando o inventario de produtos está cerca do nivel máximo de stock fixado.
- d) Un pedido realizado xeralmente cando o inventario de produtos se esta esgotando ou acadou o nivel mínimo de stock fixado.

53. Que proceso está relacionado cos fluxos de entrada nun almacén?

- a) Recepción da mercadoría.
- b) Devolución de produtos obsoletos.
- c) Saída de produtos.
- d) Entregas a fábrica para produción.

54. Como se denomina o tipo de lámpada formada por unha agrupación de diodos?

- a) Cuarzo.
- b) HMI.
- c) LED.
- d) Tubo fluorescente.

55. Como se denomina a peza a modo de rótula empregada para suxeitar elementos, por exemplo accesorios de iluminación, nun pé?

- a) Bandeira.
- b) Barra telescópica.
- c) Ceferino.
- d) Pantógrafo.

56. Como se denomina o tipo de filtro transparente, empregado habitualmente para protexer a óptica?

- a) CCD.
- b) ND.
- c) Parasol.
- d) UV.

57. Que entendemos por micrófono lavalier?

- a) Un micrófono submarino.
- b) Un micrófono pensado para suxeitar coa man ou nun pé.
- c) Un micrófono pequeno que adoita colocarse na solapa da chaqueta.
- d) Un micrófono directivo que recolle son a distancia.

58. Que significa o número f dunha óptica?

- a) Constante que dá a medida do poder de admisión da luz.
- b) Distancia de enfoque mínima.
- c) Versión do firmware da cámara.
- d) Velocidade de obturación.

59. Como se denomina o pequeno monitor colocado xunto ao ollo do operador dunha cámara de produción de campo?

- a) Visor CCD
- b) Visor CMOS
- c) Visor ENG/EFP
- d) Conmutador basculante

60. Que entendemos por P2 no contexto das cámaras de televisión?

- a) Unha memoria de Sony para gravadores de estudio de baixa definición.
- b) Un formato propietario de gravación de vídeo HD.
- c) Unha tarxeta de Panasonic de almacenamento de arquivos MXF.
- d) Un visor estereoscópico.

PREGUNTAS DE RESERVA

CONTESTAR NA FOLLA DE RESPONSTAS A PARTIR DO NÚMERO 141

1. O artigo 13 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, establece que o Consello de Administración da CRTVG componse de:

- a) Cinco membros. Un deles será a directora ou o director xeral.
- b) Sete membros. Un deles será a directora ou o director xeral.
- c) Nove membros. Un deles será a directora ou o director xeral.
- d) Nove membros elixidos polo Parlamento de Galicia.

2. Segundo o artigo 14 do Convenio Colectivo, de quen é competencia a organización do traballo na CRTVG?

- a) Da Comisión Paritaria.
- b) Do Consello de Administración.
- c) Da Dirección.
- d) Do Comité Intercentros.

3. Indique a opción correcta conforme á comparación entre as estratexias das 5S e 9S en xestión de almacéns:

- a) O método 9S substitúe por completo ao método 5S.
- b) A sustentabilidade é o único aspecto diferencial do método 9S respecto ao método 5S.
- c) Son metodoloxías incompatibles por ter enfoques totalmente diferentes. Debe optarse pola implantación dunha ou doutra.
- d) Son metodoloxías complementarias e se poden implantar en etapas conforme ás necesidades específicas do almacén ou da organización.